

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Plan de atención á diversidade do CMUS Profesional de Santiago de Compostela



ÍNDICE

| | | |
|-----|---|----|
| 1. | Introdución, marco legal..... | 3 |
| 2. | Xustificación baseada no contexto..... | 5 |
| 3. | Concreción do alumnado do CMUS profesional de Compostela..... | 8 |
| 4. | Determinación previa das necesidades de apoio educativo..... | 10 |
| 5. | Identificación e valoración de necesidades..... | 13 |
| 6. | Determinación dos obxectivos..... | 18 |
| 7. | Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade..... | 20 |
| 8. | Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas..... | 29 |
| 9. | Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro..... | 30 |
| 10. | Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición..... | 36 |
| 11. | Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro..... | 37 |
| 12. | Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias..... | 37 |
| 13. | Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan..... | 38 |

1. Introducción, marco legal

- Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de 2006, de Educación (BOE, 4/05/2006).
- LOMLOE, 3/2020 de 29 de decembro.
- *Lei 4/2011, do 30 de xullo*, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG, 15/07/2011).
- *Decreto 229/2011, do 7 de decembro*, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinamentos establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación¹.

A diversidade está presente na nosa sociedade de múltiples maneiras e como tal está presente tamén nos centros educativos.

A resposta educativa a esta diversidade debe concretarse, polo tanto, nos diversos documentos do proxecto educativo, na coordinación docente, na educación personalizada do alumnado, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social de cada alumna/o.

¹Tamén se teñen en conta os diversos protocolos publicados por organismos tanto públicos como privados sobre as distintas tipoloxías.

O presente Plan de atención á diversidade enmárcase no **Decreto 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula *a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*.

No seu **artigo 3** define a atención á diversidade como “o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado”.

No **artigo 10** define o plan de atención á diversidade como:

“ o documento en que se articula a atención á diversidade á que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado”.

O obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible, require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos daquel que presenta necesidades específicas de apoio educativo tales como:

- *Necesidades educativas especiais.*
- *Dificultades específicas de aprendizaxe.*
- *Altas capacidades intelectuais.*
- *Incorporación tardía ó sistema educativo.*
- *Unhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables.*

A atención deste alumnado deberá axustarse, entre outros, aos principios de:

- *Normalización e inclusión.*

- *Equidade.*
- *Igualdade de oportunidades e non discriminación.*
- *Flexibilidade e accesibilidade.*
- *Interculturalidade e promoción da convivencia.*
- *Autonomía do centro docentes.*
- *Participación de toda a comunidade educativa.*

2. Xustificación baseada no contexto

Santiago de Compostela e a súa contorna

Santiago de Compostela é unha cidade de tamaño medio, se miramos unicamente ao seu padrón de habitantes, uns 95.000, cunhas peculiaridades que a fan diferenciarse doutras cidades galegas cunha poboación similar:

A súa condición de Capital da Comunidade Autónoma, o que a converte nunha cidade de servizos, coexistindo cunha área de influencia ampla que ten unha forte presenza rural.

A amplitude desta área de influencia, só comparable en número de persoas ás áreas de Vigo ou A Coruña.

A súa realidade histórica como cidade universitaria de referencia en Galicia, o que incrementa a condición de cidade de servizos, pero tamén trae consigo unha forte presenza estudiantil non permanente, que non computa a efectos oficiais, pero si demanda servizos e espazos educativos.

A crecente consideración internacional da cidade como destino turístico de importancia histórica; o que implica a organización e presenza na mesma de todas as infraestruturas que representen a cultura e a tradición, tamén e moi por suposto a

musical.

Deses datos anteriores extráense tres consecuencias básicas:

A conciencia pública de “cidade cultural”, realidade que é consecuencia tanto da presenza institucional como do peso histórico da universidade ou o arcebispado e as súas celebracións e rituais, máis tamén dunha forte presenza da xuventude “creadora” e “demandante” de todas as manifestacións culturais posibles, demanda que non só debe entenderse como de consumo, senón mesmo de formación e práctica.

A cidade, e parte da máis inmediata contorna, poderíase considerar como maioritariamente dependente do sector servizos, cun nivel económico elevado mantido sobre a base dos salarios dos moitos empregados públicos que a poboan, e que coexiste cun amplo sector de profesionais e comerciantes na cidade, e un grande sector agrícola e gandeiro considerando a comarca en sentido amplo.

A tradición da cidade como centro neurálxico dunha ampla zona xeográfica, na que atende non só á súa comarca oficial (165.361 habitantes), senón mesmo as do Sar, a Barcala, o Xallas ou boa parte de Ordes, e secundariamente ás moi poboadas de Noia ou o Barbanza. Falando de atención dende o punto de vista comercial, sanitario e administrativo, máis tamén dende o punto de vista formativo, que é o que lle acae a esta contextualización.

De todo isto, extráese como consecuencia que Santiago de Compostela é unha cidade que só pode considerarse dentro dunha ampla e variada contorna, que existe unha influencia radial de grande peso nos concellos máis achegados, pero que chega a alcanzar a toda Galicia pola súa condición de centralidade administrativa e xeográfica.

Por outra parte, a poboación desta contorna, e da propia cidade, a súa dependencia do sector servizos e a existencia dun sector económico moi estable, fai que as expectativas familiares en canto á formación dos seus fillos e fillas inclúan o aspecto musical, e que o inclúan como formación regulada e oficial.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade, construído no ano 2004.

É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento.

Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

O Conservatorio Profesional de Santiago de Compostela ten como Centros adscritos administrativamente aos seguintes Centros:

- CEMU Manuel Peleteiro.
- CEMU Profesional Contrapunto Histórico de Santiago de Compostela.
- CEMU Elemental ALCA.
- CEMU Estudio
- CMUS Profesional Federico Paz Carbajal de Noia.
- CMUS Profesional de Ribeira.

3. Concreción do alumnado do CMUS profesional de Compostela

Cuestións previas.

O alumnado do CMUS profesional de Compostela ten unha procedencia diversa dende o punto de vista educativo. Neste centro conviven estudantes que desenvolven a súa actividade escolar ordinaria en centros públicos, con outros que están escolarizados en centros privados de primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional, universidades, ou mesmo alumnado que pola súa idade e circunstancias, xa non está escolarizado noutros centros.

A diferente procedencia non marca ningunha diferenza entre o alumnado, pero si que debe contemplarse dende o punto de vista da acreditación das necesidades específicas de apoio educativo, así, mentres que o alumnado que procede de centros sostidos con fondos públicos ten un camiño establecido que remata na obtención dun informe psicopedagóxico no que figurarán "... a determinación das axudas necesarias..." (art. 35.1 do Decreto 229/2011), o alumnado que teña outra procedencia non disporá dese informe.

Dende ese punto de vista, é importante asegurar as canles axeitadas pola que se recibirá a información xustificativa que posibilite unha atención diferenciada, toda vez que o CMUS non dispón de equipo de orientación propia, nin de profesionais que sexan quen de desenvolver o labor que lle correspondería a esa equipa.

No que atinxe á atención á diversidade entendemos por alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ANEAE) aquel alumnado que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a

comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar (Lei orgánica 3/2020 de 29 de decembro).

Neste marco, o presente plan xeral de atención á diversidade pretende ser un referente para ofrecer unha resposta educativa ao noso alumnado que compense as diferenzas individuais baseándose nos principios de normalización e inclusión e desde a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da comunidade educativa.

O CMUS Profesional de Santiago de Compostela imparte as seguintes *ensinanzas de grao elemental e profesional de música*.

O alumnado do noso Conservatorio no curso 2021-22 está formado por **488 alumnos/as** repartidos segundo a táboa que segue:

| ALUMNADO DO CMUS SANTIAGO NO CURSO 2021-22 | | | |
|---|-------|------------------------|-------|
| Grao Elemental | | Grao Profesional | |
| Mulleres | Homes | Mulleres | Homes |
| 99 | 77 | 179 | 133 |
| Total Grao elemental | | Total Grao Profesional | |
| 176 | | 312 | |

4. Determinación previa das necesidades de apoio educativo.

O conservatorio adoptará as medidas necesarias para avaliar a situación de partida do alumnado que achegue o preceptivo informe de avaliación psicopedagóxica dos centros das ensinanza de réxime xeral onde cursen os seus estudos. Estes informes incorporados aos expedientes académicos do alumnado terán carácter confidencial.

No caso no que así o soliciten as familias, estas poderán achegar ao equipo de atención á diversidade, a través do titor ou titora, calquera información de interese que sexa relevante en relación coa alumna/o

No que ao ámbito da atención á diversidade se refire, pódense destacar con relación ao mesmo a seguinte casuística que podería darse no centro e ás que o presente plan tenta dar resposta:

| Necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) (art 32. Decreto 229/2011) | Tipoloxía | OBSERVACIÓNS |
|--|--|--|
| Dificultades específicas de aprendizaxe. | Discapacidade auditiva parcial. | Require adaptacións especiais tendo en conta cada caso persoal. |
| | Discapacidade visual total ou parcial | |
| | Trastorno de espectro Autista (TEA) | Polo xeral adoita haber algún caso tódolos anos |
| | Trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) Outras patoloxías previas (trastornos de conduta, de comunicación e linguaxe etc.) diagnosticadas, e relacionadas coa dificultade de aprendizaxe no eido musical | Require xustificación mediante informe médico ou psico-pedagóxico ou da administración educativa.. Require adaptacións especiais tendo en conta cada caso persoal |
| Por altas capacidades intelectuais | Alto rendemento curricular, excepcional, brillante, maduración precoz, creativo con talento e superdotado. | |

| | | |
|--|--|--|
| Por incorporarse tardiamente ao sistema educativo | Traslados dende o estranxeiro: refuxiados políticos ou por mor da guerra , situacións de asilo político etc. | |
| | Traslados dende o territorio nacional por requirimento da administración educativa. | |
| | Outras situacións debidamente acreditadas pola administración educativa | |

| Necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) (art 32. Decreto 229/2011) | Tipoloxía | OBSERVACIÓNS |
|---|--|--|
| Por condicións persoais ou de historia escolar | Distintas doenzas previamente diagnosticadas | Trátase de doenzas de tipo médico non incapacitantes pero que requiren distintos tipos de seguimento e control e que afecten ao normal aprendizaxe no eido musical Require adaptacións especias tendo en conta cada caso persoal Require xustificación médica. |
| | Discapacidade igual ou superior ao 33% | Trátanse de discapacidades diversas que non afectan ao aspecto cognitivo e requiren xustificación documental. Require adaptacións especias tendo en conta cada caso persoal Require xustificación médica. |
| | Violencia de xénero e acoso escolar | Require informe administración educativa Require adaptacións especias tendo en conta cada caso persoal. Require xustificación documental. |
| | Acoso escolar | |
| | Vulnerabilidade socio-educativa e cultural. | |
| | Itinerancia escolar recorrente | |
| | Necesidade de acudir a terapia médica ou psicolóxica | |
| Alumnado con condición de familia | Require xustificación documental. | |

| | | |
|--|--|---|
| | numerosa con 3 ou mas membros cursando estudos no centro | Require adaptacións especiais tendo en conta cada caso persoal. |
| | Alumnado sometido a situacións de protección e tutela e a responsabilidade penal | |
| | Alumnas xoves embarazadas | |

Antes de comezo de cada curso académico actualízase pola dirección do CMUS as necesidades educativas especiais existentes no centro, Con este fin informárase ás familias da posibilidade de achegar toda a documentación que consideren necesaria asegurando a protección dos datos de carácter persoal.

Cando, pola procedencia do alumnado, non exista a posibilidade de obter o informe psicopedagóxico, pero si que se aduza por parte da familia ou do propio alumnado de ser maior de idade, a existencia dalgunha circunstancia que deba ser considerada, realizarase un estudo específico partindo da documentación médica ou psicopedagóxica que as persoas interesadas poidan achegar.

5. Identificación e valoración de necesidades

A diversidade é unha realidade social e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada profesional da educación, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

A resposta educativa a esta diversidade debe concretarse no Plan Xeral de Atención á Diversidade que forma parte do Proxecto Educativo de cada centro e que recolle as medidas educativas coas que se pretende acadar o máximo desenvolvemento persoal, vocacional e social do alumnado.

O punto de partida para valorar a diversidade dos noso alumnado é a avaliación inicial. A avaliación é un instrumento básico para a detección e identificación das

necesidades académicas entre o alumnado do centro. Contribúe ao coñecemento do alumno/a por todo o profesorado que lle imparte docencia e posibilita a toma de decisións para a adaptación das programacións e para a aplicación doutras medidas de atención á diversidade. Consiste en reunir toda a información do desenvolvemento académico do alumnado así como a avaliación dos coñecementos previos.

Segundo a *ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, enténdese por avaliación psicopedagóxica o proceso de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do seu contexto escolar, do contorno sociofamiliar e dos elementos que interveñen no proceso de ensino e de aprendizaxe.

A finalidade da avaliación psicopedagóxica é a identificación e a acreditación do desenvolvemento persoal e social, das competencias adquiridas e das necesidades educativas que poidan presentar determinadas alumnas ou determinados alumnos, para poder fundamentar e concretar as propostas e as decisións sobre a resposta educativa que cumpra adoptar en relación con aspectos como a modalidade de escolarización máis axeitada, a determinación dos recursos e dos apoios específicos necesarios, a proposta de medidas de atención á diversidade, a orientación educativa e profesional, e calquera outro favorecedor do desenvolvemento harmónico dese alumnado.

A realización da avaliación psicopedagóxica é responsabilidade do Departamento de Orientación², tal e como queda lexislado no *Decreto 120/1998 de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Os resultados e conclusións da avaliación psicopedagóxica deben quedar recollidos no informe psicopedagóxico onde deberá figurar a situación evolutiva e educativa da alumna/o, a concreción das súas necesidades, as orientacións curriculares,

² Departamento que non está contemplado nos CMUS.

as axudas necesarias, o procedemento para a revisión e/ou actualización do informe e cantas outras orientacións se consideren oportunas, tendo dereito as familias a recibir copia de dito informe psicopedagóxico, segundo o Decreto 229/2011.

Para avaliación psicopedagóxica terase en conta os informes psicopedagóxicos xa emitidos e presentados perante a administración educativa, especialmente respecto ao alumnado que xa se atopa escolarizado no centro (CMUS), e especialmente no caso no que xa obren en poder dos centros de ensino das ensinanzas de réxime xeral no que o alumnado curse os seus estudos.

Os informes de avaliación psicopedagóxica teñen carácter confidencial e arquivarase o orixinal ou unha copia auténtica no expediente escolar da alumna ou do alumno.

Na avaliación de necesidades específicas debemos ter en conta as seguintes necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que presenta o alumnado:

- **Alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE):** Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais, aquel que afronta barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.
- **Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural:** aquel que presenta desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.
- **Alumnado con altas capacidades:**

Segundo a orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación no seu artigo 9, punto 2, considérase alumnado con alta capacidade intelectual o que presenta unha capacidade intelectual igual ou superior a 130 de cociente intelectual, un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese.

Pódese distinguir entre os seguintes tipos de alumnado con altas capacidades³:

Alumnado superdotado: combina os elementos propios dun bo sistema de tratamento da información -intelixencia elevada-, cunha alta orixinalidade e pensamento diverxente -creatividade- e coa motivación suficiente para garantir a materialización da súa potencia -implicación na tarefa- (Renzulli, 1977, 1981, 1994).

Alumnado con talento: mostra un elevado rendemento nunha área ou en varias áreas de coñecemento (verbal, creativa, lóxica, matemática, espacial, social musical e deportiva).

Alumnado creativo: utiliza o coñecemento en novas formas que producen unha ou varias solucións fronte a un problema exposto, imaxina as consecuencias desta actividade e proxecta situacións que aínda non están controladas ou planificadas.

Alumnado con maduración precoz: presenta un desenvolvemento máis rápido que o resto de individuos da mesma idade. Na maioría das ocasións o neno acaba igualándose cos da súa idade, ou ben a súa diferenza concrétase nalgunha área e actualízase como talento.

Xenio: presenta unha intelixencia considerablemente superior á dos demais ou realiza achegas moi relevantes para a sociedade.

Alumnado brillante: presenta un alto grao de intelixencia, tomando como referencia as persoas da súa contorna. Memoriza gran cantidade de información, alto rendemento académico, etc.

Alumnado excepcional: desvíase por encima da media do resto de individuos.

Alumnado con alto rendemento curricular: presenta de maneira sostida, ben xeneralizada ou ben específica, un alto rendemento académico.

3 Definición do plan de neurociencia aplicada á educación, MEC

- **Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo:** cando, por procederen doutros países ou por calquera outro motivo xustificade, se escolarizan tardiamente no noso sistema educativo e presentan dificultades para acadaren os obxectivos e as competencias que lles corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.
- **Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar:** un alumno/a pode presentar necesidade específica de apoio educativo derivada de condicións persoais ou de historia escolar cando manifesta dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables, por escolarización desaxustada ou pola combinación de varios dos motivos mencionados. Entre este alumnado podemos considerar:
 - Alumnado que precisa atención educativa hospitalaria e/ou domiciliaria.
 - Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.
 - Alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
 - Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
 - Alumnado pertencente a familias itinerantes.
 - Alumnado procedente do extranxeiro.
 - Atención educativa a xoves embarazadas.

En liñas xerais, as dificultades máis salientables que atopamos no centro e ás que debemos darlle unha rápida e axeitada resposta son:

- Alumnado con NEE por presentar dificultades de aprendizaxe.

- Alumnado diagnosticado de TDAH con e sen medicación, aos que debemos prestar especial atención.
- Alumnado diagnosticado de TEA.
- Alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Alumnado con necesidades educativas especiais recoñecidas como discapacidade visual, auditiva entre outras.
- Alumnado con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.

6. Determinación dos obxectivos

O obxectivo xeral desta planificación é dar resposta á diversidade do alumnado do CMUS Profesional de Santiago de Compostela a través de distintas medidas que respondan as súas necesidades individuais e contribuír así á consecución dos obxectivos do curso no que se atopan.

Este obxectivo xeral afecta tanto ao alumnado de nova incorporación como ao alumnado de grado elemental e profesional que xa cursa os seus estudos musicais no centro e que se atopan xa diagnosticados.

Para conseguilo, teremos en conta os seguintes obxectivos específicos:

- Recoller toda a información do alumnado que poida ser facilitada polo propio sistema educativo no que tamén estea escolarizado, que sexa facilitada polas súas familias, ou polo propio alumnado de ser maior de idade.
- Diseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá das necesidades de apoio educativo.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas as necesidades de cada alumno/a.

- Facilitar ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ANEAE) unha resposta adecuada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Clarificar as responsabilidades de cada un dos profesionais do equipo educativo nun contexto de cooperación e de inclusión.
- Organizar e coordinar os recursos persoais e materiais do centro de cara a mellorar a eficacia das accións deseñadas.
- Potenciar e dinamizar a acción titorial e orientadora previa a formación correspondente do profesorado.
- Promover a implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Respetar o carácter confidencial da información que obre en poder do centro en relación coas necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)
- Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación así como no intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.
- Promover a concienciación da comunidade educativa en relación coas necesidades educativas especiais de acordo cos principios de inclusión e normalización.

Os obxectivos específicos que se terán en conta, en relación ao alumnado con NEAE son:

- Ofrecer unha atención educativa personalizada que permita favorecer o desenvolvemento integral de todas as súas potencialidades.
 - Realizar cos oportunos apoios una avaliación temperá e persoal do alumnado que permita coñecer as súas necesidades educativas especiais.
 - Realizar un traballo previo específico de coñecemento da situación persoal do alumnado, recollendo activamente os datos que sexan necesarios, que permita coñecer as necesidades que demande a súa diversidade.

- Fomentar a co-responsabilidade do alumnado e as dinámicas de grupo.
- Favorecer a autoestima do alumnado para o seu axeitado desenvolvemento persoal.
- Favorecer a inclusión e interacción deste alumnado no ámbito dos estudos musicais.
- Protexer a diversidade educativa como principio reitor e enriquecedor no eido das ensinanzas musicais e da convivencia entre o alumnado do CMUS .
- Facilitar os apoios e recursos necesarios que permitan favorecer o seu proceso de ensino-aprendizaxe, tendo en conta como referente o currículo ordinario así como a consecución dos obxectivos propostos nas súas Adaptacións Curriculares.
- Fomentar a asertividade e a integración do alumnado no centro calquera que sexa a índole da súa necesidade educativa.
- Partir do nivel de coñecementos do alumno/a, das súas necesidades e intereses para poder acadar aprendizaxes significativos e funcionais.
- Protexer a condición diferencial do menor e a súa sensibilidade, tendo en conta que a diversidade educativa é un factor persoal, diferencial e polo tanto condicional da alumna e do alumno no seu aspecto evolutivo, e que non so atinxe a esfera educativa musical senón que afecta tamén as demais circunstancias vitais destes e da súa organización cotiá.

7. Descripción das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade

Na atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, seguindo as liñas indicadas no Decreto 229/2011, poden establecerse dúas vías: medidas ordinarias e medidas extraordinarias.

Medidas ordinarias

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade aquelas que *faciliten a adecuación do currículo sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos, criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro educativo e ás características do alumnado.*

Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Partiremos sempre das medidas ordinarias e só unha vez esgotadas estas, ou de non ser suficientes, pasaríamos a outras medidas de carácter máis extraordinario.

As medidas ordinarias deberán de ter en conta as necesidades especificadas e persoais do alumnado segundo o informe de avaliación psicopedagóxica, potenciando a colaboración e o diálogo construtivo entre o alumnado, os titores deste no centro, os pais e os órganos de dirección do Conservatorio.

O titor/a deberá coñecer o informe de avaliación psicopedagóxica. Estas medidas ordinarias non poderán ter carácter discriminatorio dentro da diversidade acreditada e existente no eido das necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade coas que contamos atópanse:

- **Adecuación da estrutura organizativa do centro** (horarios, espazos, etc,) **ás características do alumnado**: trátase de medidas de tipo organizativo básicas que se poñen en marcha a nivel de centro e de aula, para o desenvolvemento dunha actividade educativa axeitada ás súas características diferenciais.
- **Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado**: os distintos departamentos didácticos terán en conta as características particulares do noso alumnado.
- **Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación**: é aconsellable levar a cabo unha revisión dos instrumentos, estratexias e criterios de avaliación tendo en conta, sobre todo, as posibles necesidades específicas de apoio educativo que se poidan presentar no centro (con necesidade de adaptar os instrumentos de avaliación ou a metodoloxía, por exemplo, con probas orais ou aumentando o tempo destas).
- **Reforzo educativo**: son medidas que o propio profesorado pode deseñar e se aplican con aqueles alumnos e alumnas que poidan ter dificultades de seguimento da programación.
- **Programa de enriquecemento curricular**: no caso de que a través da identificación personalizada do alumno/a con necesidades especiais de apoio educativo así se requira, poderemos por en marcha, ademais doutras medidas, un programa de enriquecemento curricular con metodoloxías e actividades que favorezan o máximo desenvolvemento desas capacidades.
- **Programas específicos personalizados**: segundo establece o *Decreto 229/2011*, no seu **artigo 21**: "*promover o deseño e a aplicación de programas específicos de atención á diversidade para aquel alumnado que presente dificultades de inserción e/ou adaptación escolar, coa finalidade de favorecer a*

súa integración no centro e promover a adquisición dos obxectivos mediante unha metodoloxía adaptada ás súas necesidades e intereses”.

- **Creación dunha estrutura organizativa específica** para a atención da diversidade educativa que aparece recollida no apartado correspondente deste plan e que permita a implantación e seguimento do mesmo.

Medidas específicas

| Necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) (art 32. Decreto 229/2011) | Tipoloxía | Medidas específicas | Responsables |
|--|--|--|---|
| Dificultades específicas de aprendizaxe | Discapacidade auditiva | <ul style="list-style-type: none"> • Atención específica por parte do equipo de atención á diversidade. • Atención específica por parte do titor/a e profesorado do mesmo. | <ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo. • Profesorado. • Servizo de Orientación. (No caso de dispor do mesmo). • Equipo de atención á diversidade. |
| | Discapacidade visual total ou parcial | <ul style="list-style-type: none"> • Estudo previo da súa circunstancia para identificar a conveniencia de fixar unhas condicións de escolarización específicas, outorgándolle, de ser beneficioso para a atención da súa tipoloxía e personalidade, o dereito á asignación dun horario acorde coas súas necesidades. | |
| | Trastorno de espectro Autista (TEA) | <ul style="list-style-type: none"> • Formación específica do profesorado. • Adaptación dos materias de ensino empregados | |

| Necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) (art 32. Decreto 229/2011) | Tipoloxía | Medidas específicas | Responsables |
|--|--|--|---|
| Dificultades específicas de aprendizaxe | Trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) | <ul style="list-style-type: none"> • Atención específica por parte do equipo de atención á diversidade. | <ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo. • Profesorado. • Servizo de Orientación. (No caso de dispor do mesmo). • Equipo de atención á diversidade. |
| | Outras patoloxías previas diagnosticadas, e relacionadas coa dificultade de aprendizaxe no eido musical | <ul style="list-style-type: none"> • Atención específica por parte do profesorado do mesmo. • Estudo previo da súa circunstancia para identificar a conveniencia de fixar unhas condicións de escolarización específicas, outorgándolle, de ser beneficioso para a atención da súa tipoloxía e personalidade, o dereito á asignación dun horario acorde coas súas necesidades. | |
| Por altas capacidades intelectuais | Alto rendemento curricular, excepcional, brillante, xenio, maduración precoz, creativo con talento e superdotado. | <ul style="list-style-type: none"> • Formación específica do profesorado. | |

| Necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) (art 32. Decreto 229/2011) | Tipoloxía | Medidas específicas | Responsables |
|--|--|--|--|
| <p>Por incorporarse tardiamente ao sistema educativo</p> | <p>Traslados dende o estranxeiro, refuxiados políticos ou por mor da guerra , situacións de asilo político etc.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Atención específica por parte do equipo de atención á diversidade. • Atención específica por parte do profesorado do mesmo. | <p>Equipo directivo.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Profesorado • Alumnado voluntario de proximidade. • Servizo de Orientación . (No caso de dispor do mesmo). • Equipo de atención á diversidade. |
| | <p>Traslados dende o territorio nacional por requirimento da administración educativa.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Estudo previo da súa circunstancia para identificar a conveniencia de fixar unhas condicións de escolarización específicas, outorgándolle, de ser beneficioso para a atención da súa tipoloxía e personalidade, o dereito á asignación dun horario acorde coas súas necesidades. | |
| | <p>Outras situacións debidamente acreditadas pola administración educativa</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Formación específica do profesorado. | |

| Necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) (art 32. Decreto 229/2011) | Tipoloxía | Medidas específicas | Responsables |
|--|---|--|--|
| Por condicións persoais ou de historia escolar | Distintas doenzas previamente diagnosticadas | <ul style="list-style-type: none"> • Atención específica por parte do equipo de atención á diversidade. | <ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo. • Profesorado • Servizo de Orientación. (No caso de dispor do mesmo). • Equipo de atención á diversidade. |
| | Discapacidade igual ou superior ao 33% | <ul style="list-style-type: none"> • Atención específica por parte do profesorado do mesmo. | |
| | Violencia de xénero ou acoso escolar | <ul style="list-style-type: none"> • Estudo previo da súa circunstancia para identificar a conveniencia de fixar unhas condicións de escolarización específicas, outorgándolle, de ser beneficioso para a atención da súa tipoloxía e personalidade, o dereito á asignación dun horario acorde coas súas necesidades. | |
| | Vulnerabilidade socio-educativa acreditada. | <ul style="list-style-type: none"> • Formación específica do profesorado | |
| | Itinerancia escolar recorrente | | |

Estas medidas deberán adaptarse ao caso concreto de cada alumna e alumno tendo en conta a súa circunstancias persoais e vitais mediante os canles de comunicación abertos coas familias. Estas medidas específicas non poderán ter carácter discriminatorio dentro da diversidade acreditada e existente no eido das necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

Medidas extraordinarias

Considéranse **medidas extraordinarias** de atención á diversidade, segundo recolle no artigo 9 o Decreto 229/2011 *“todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo. Aplicaranse una vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Para a aplicación destas medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do servizo de Inspección educativa, da Xefatura territorial ou da Dirección xeral que corresponda”*.

Serán consideradas medidas extraordinarias as seguintes:

Adaptacións Curriculares

Implica a modificación dun ou de máis elementos prescriptivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade académica ou persoal como polas súas capacidades excepcionais.

Será elaborada polo profesor/a que imparta a área ou materia na que o alumno/a precise da medida de adaptación. No desenvolvemento desta tarefa contará coa colaboración do departamento didáctico, co asesoramento do equipo de atención á

diversidade e, se é o caso, de calquera outro profesional que participe na atención ao devandito alumno/a.

Para a elaboración da adaptación curricular (AC) deberán seguirse unha serie de pasos:

a) Para levar a cabo a adaptación curricular en calquera das áreas ou materias do currículo, os centros deberán realizar unha avaliación diagnóstica na que se recollerán datos relevantes sobre a situación socio-familiar do alumno ou alumna e sobre o seu proceso de aprendizaxe, aportados tanto polo equipo educativo responsable do alumno ou alumna, ou calquera outro profesional que estea participando na atención ao mencionado/a alumno/a.

b) Os centros deberán realizar unha reunión coordinada por Xefatura de Estudos á que asistirán o titor/a, os/as profesores/as que imparten as áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación curricular e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica e os pais do menor. Nesta reunión decidirse a pertinencia da adaptación curricular, así como aqueles elementos do currículo que, no seu caso, deberán ser modificados.

c) Unha vez decidido a conveniencia da adaptación curricular, convócase á familia para comunicarlle a decisión proposta, podendo esta as achegas que considere convenientes.

d) Elaborarase a adaptación do currículo de referencia nas áreas ou materias acordadas.

e) Os datos obtidos na avaliación diagnóstica reflectiranse nun documento de adaptación curricular (DIAC) no que se consignará a información relativa a:

- Datos persoais do alumno ou da alumna.
- Datos físicos e de saúde.
- Datos psicosociais máis relevantes.
- Datos da contorna sociofamiliar.

- Datos da contorna escolar.
- Datos pedagóxicos.
- Profesionais participantes.

f) Unha vez elaborado remítese ao servizo de Inspección Educativa, para a súa aprobación.

g) A avaliación diagnóstica, o documento de adaptación curricular e o informe do servizo da inspección educativa formarán parte do expediente do alumno ou da alumna e terán carácter confidencial.

O alumnado susceptible da adaptación curricular será avaliado conforme aos criterios de avaliación, obxectivos e contidos elaborados especificamente segundo o caso, tentando que desenvolvan ao máximo as súas capacidades.

8. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas

Para atender ao alumnado que presenta **necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)** adóptanse medidas tanto organizativas como curriculares:

- Reforzos e ampliacións educativas para atender as necesidades que lle poidan xurdir ao alumno/a nun momento determinado; ditos reforzos e ampliacións son unha medida ordinaria que afecta a metodoloxía do profesor: secuenciación de contidos, tipo de actividades, formas e instrumentos de avaliación. Neste senso o titor ou titora do alumnado velará pola implantación das medidas previamente adoptadas.

9. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro

Xuntas de avaliación

- Avaliación trimestral: guiadas polo equipo de atención á diversidade na que se solicitará información sobre o grupo de alumnos/as, as necesidades educativas que poidan xurdir, a competencia curricular do alumnado e as medidas de atención a diversidade que sexan precisas.
- Avaliación final: con constancia dos informes de avaliación final a cubrir polos titores/as e as recomendacións para o seguinte curso académico.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN CO ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO

a) Detección e derivación:

- Detección de necesidades educativas por parte do profesorado.
- Nos conservatorios de música non existe, polo momento, a figura do orientador aínda que o papel do titor o moito maior que nos centros de educación xeral, xa que o titor da alumna/o impártelle clase de xeito individual ao longo dos anos que permanece no Centro co que se establece un vínculo moito máis estreito entre o profesor/a e o alumno/a.

Para casos específicos de apoio educativo deberiamos contar co servizo de orientación, neste caso do Centro no que estea escolarizada a alumna/o, sempre que sexa posible.

O que a normativa específica para estes Centros é o seguinte.

- Segundo se establece no **Decreto 229/2011**, no seu **artigo 34**: “Os servizos de Orientación deberán deseñar e elaborar os correspondentes protocolos de demanda de avaliación psicopedagóxica. Os procedementos para esa demanda daranse a coñecer á comunidade educativa.”
- Proceso de avaliación psicopedagóxica que incluírá diferentes actuacións segundo o motivo da demanda.

b) Avaliación psicopedagóxica.

Enténdese por avaliación psicopedagóxica, ou psicoeducativa, o proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do seu contexto escolar, do contorno sociofamiliar e dos elementos que interveñen no proceso de ensino e de aprendizaxe.

A finalidade da avaliación psicopedagóxica é a identificación e a acreditación do desenvolvemento persoal e social, das competencias adquiridas e das necesidades educativas que poidan presentar determinadas alumnas ou determinados alumnos, para poder fundamentar e concretar as propostas e as decisións sobre a resposta educativa que cumpra adoptar en relación con aspectos como a modalidade de escolarización máis axeitada, a determinación dos recursos e dos apoios específicos necesarios, a proposta de medidas de atención á diversidade, a orientación educativa e profesional, e calquera outro favorecedor do desenvolvemento harmónico dese alumnado.

A avaliación psicopedagóxica terá un carácter global e contextualizado, polo que non só contribuirá a fundamentar a resposta específica ás necesidades educativas de determinadas alumnas ou determinados alumnos, senón tamén a orientar o centro docente na mellora das condicións que permitan responder á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades de todo o alumnado.

En canto ao seu contido e características no proceso de avaliación psicopedagóxica obterase información, cando menos, sobre os seguintes aspectos:

a) Alumna ou alumno: datos de identificación, datos físicos e de saúde, desenvolvemento persoal e social, historia escolar, nivel de competencia curricular, grao de adquisición das competencias, potencial de aprendizaxe, intereses e grao de motivación, preferencia de aprendizaxe e necesidades educativas que presenta.

b) Contexto escolar: aspectos do proxecto educativo, da organización do centro docente, da liña metodolóxica e da intervención educativa que inciden no desenvolvemento da alumna ou do alumno; características das relacións que a alumna ou o alumno establecen coas persoas profesionais que os atenden e coas súas compañeiras e cos seus compañeiros, tanto na aula como no ámbito xeral do centro docente.

c) Contexto sociofamiliar: características da familia e do seu contorno social; aspectos que inflúen na situación actual da alumna ou do alumno; expectativas das nais, dos pais ou das persoas titoras legais do alumnado; grao de cooperación co centro docente; posibilidades de colaboración da propia familia; recursos socioculturais do contorno que utilizan a alumna ou o alumno ou aos que podería acceder.

A partir desa información, a persoa responsable da avaliación psicopedagóxica deberá concluír se se trata dunha alumna ou dun alumno con necesidade específica de apoio educativo, e especificar o tipo de necesidade específica de apoio educativo que presenta e os demais aspectos que deben formar parte do informe psicopedagóxico.

Para realizar a avaliación psicopedagóxica utilizaranse as técnicas e os instrumentos propios da orientación educativa e profesional, tales como a observación en diferentes contextos, a entrevista, os cuestionarios e as probas psicopedagóxicas, así como a análise das producións escolares e do expediente do alumnado.

Corresponde ao equipo docente, coordinado polo profesorado titor, achegar á xefatura do departamento de orientación información sobre a competencia adquirida respecto do currículo de referencia, a colaboración da familia, a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, a actitude ante as propostas de aprendizaxe, o compromiso coas tarefas encomendadas e as medidas de atención á diversidade adoptadas.

A persoa responsable de realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado poderá requirir as achegas doutro persoal que atenda a alumna ou o alumno no propio centro docente, as das nais, pais ou persoas titoras legais e, de ser o caso, as das persoas profesionais que interveñen na súa atención integral.

Informe psicopedagóxico

O informe psicopedagóxico constitúe o documento en que se recollen os resultados e as conclusións da avaliación psicopedagóxica. Nel deberán constar, do xeito máis completo posible, a situación evolutiva e educativa da alumna ou do alumno, a concreción e a valoración do tipo de necesidade específica de apoio educativo que presenta, as orientacións e as propostas organizativas e curriculares, as axudas e os recursos necesarios, o procedemento para a revisión e a actualización do informe, e cantas outras orientacións se consideren oportunas.

O informe psicopedagóxico incluírá, como mínimo, a síntese da información obtida da alumna ou do alumno, considerando, cando menos, ós seguintes aspectos:

- a) Datos persoais.
- b) Datos da demanda e motivo da avaliación.
- c) Desenvolvemento xeral da alumna ou do alumno, considerando:
 - 1º. Datos relevantes dos ámbitos físico, cognitivo, emocional e social.
 - 2º. Circunstancias persoais, familiares e de saúde de interese.
 - 3º. Influencia do contorno sociofamiliar no desenvolvemento da alumna ou do alumno.
 - 4º. Historia escolar.

- 5º. Medidas adoptadas.
 - 6º. Competencia curricular nas distintas áreas ou materias e grao de adquisición das competencias.
 - 7º. Ritmo e preferencia de aprendizaxe.
 - 8º. Potencialidades, motivación, intereses e actividades preferidas.
 - 9º. Aspectos de creatividade e iniciativa persoal.
 - 10º. Adaptación socioafectiva, autoconcepto e autoestima.
 - 11º. Actitude ante o traballo escolar e expectativas académicas e persoais.
- d) Aspectos relevantes dos procesos de ensino e de aprendizaxe, tendo en conta:
- 1º. Actuacións que favorecen ou dificultan o rendemento da alumna ou do alumno.
 - 2º. Características do seu grupo-clase.
 - 3º. Programas do centro docente en que participa.
 - 4º. Organización de espazos e tempos no centro docente e na aula.
 - 5º. Medidas de tipo educativo que se están a desenvolver.
 - 6º. Interaccións da alumna ou do alumno en situacións educativas formais e non formais.
 - 7º. As persoas profesionais implicadas na intervención educativa, recursos e coordinación.
- e) Identificación, de ser o caso, da necesidade específica de apoio educativo da alumna ou do alumno.
- f) Proposta de recursos e medidas de atención á diversidade.
 - g) Orientacións para a intervención educativa.
 - h) Procedemento para o seguimento e/ou revisión do informe.

Os informes psicopedagóxicos teñen carácter confidencial, polo que levarán esa indicación en todas as páxinas. Arquivarase o orixinal ou unha copia auténtica no expediente escolar da alumna ou do alumno.

As persoas que, por razón do seu cargo ou función, teñan coñecemento do contido

do informe psicopedagógico están obrigadas a gardar o correspondente sixilo, conforme o establecido na letra ñ) do artigo 74 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, así como no disposto no artigo 5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O alumnado que estea a cursar os seus estudos musicais no centro, que conte co informe psicopedagógico correspondente e que no seu caso fose xa aportado ao centro público no que cursa os seus estudos de ensinanza de réxime xeral, poderá solicitar a súa incorporación ao seu expediente académico no CMUS.

Proposta de medidas:

- As propostas de medidas de atención á diversidade realizaranse logo da pertinente avaliación psicopedagóxica.
- Informarase ao equipo de atención á diversidade e equipo docente das medidas que se estimen oportunas adoptar.
- Informarase previamente e/ou solicitarase consentimento por escrito á familia a través do orientador/a do departamento de orientación e/ou titor/a.
- No caso de que se estime necesario valorar a elaboración dunha adaptación curricular, o centro deberá realizar unha reunión coordinada polo xefe/a de estudos á que asistirán o titor/a, os profesores/as que imparten as áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación curricular e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica. Nesta reunión decidirase a pertinencia da adaptación curricular, así como aqueles elementos do currículo que, no seu caso, deberán ser modificados.
- Informarase ao Servizo de Inspección educativa daquelas medidas, nas que así o estableza a lexislación vixente, para a súa autorización.

10. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición

A coordinación representa unha condición indispensable para levar a cabo a tarefa educadora que pola súa dimensión social, implica o establecemento de continuas interaccións entre os distintos axentes que nela participan.

- **Equipo Directivo:** responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan.
- **Comisión de Coordinación Pedagóxica:** Órgano de coordinación encargado do seguimento e avaliación do plan.
- **Departamentos Didácticos:** implica a colaboración de todos os membros no seguimento global do alumnado coa labor preventiva e de establecemento de medidas necesarias para unha resposta o máis axeitada ás necesidades do alumnado.
- **Titor/a:** figura encargada de asumir a coordinación do profesorado do alumno/a.
- **Servizo de Orientación:** poderá contarse coa colaboración dos equipos dos centros públicos das ensinanzas de réxime xeral especialmente nos casos en que estes teñan diagnosticados ao seu alumnado cos informes psicopedagóxicos correspondentes e especialmente co IES ao que o CMUS se atopa adscrito.
- **Equipo de atención á diversidade:** Estará formado polo xefe de estudos, o coordinador de grao elemental e cada un dos titores/as de cada alumno/a, (que serán distintos segundo o alumno/a de que se trate.

11. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro

A lexislación e a organización do centro contempla tempos e espazos para a participación das familias no centro; este plan contempla actuacións tanto coas familias como cos servizos externos:

- O centro establecerá as reunións de coordinación necesarias para o traballo conxunto con outras entidades como a Fundación ONCE, **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)**, **Fundación INGADA (TDAH)**, **Asociación de Altas Capacidades de Galicia (ASAC)** **Federación Autismo Galicia** e calquera outra con competencia na materia de diversidade educativa e a propia ANPA do centro.

12. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias

As medidas extraordinarias, xa recollidas neste plan, levaranse a cabo sempre tras a correspondente avaliación psicopedagóxica do alumnado e tomando sempre como referencia o que se establece na lexislación vixente ao respecto.

Para a aplicación destas medidas será necesaria a autorización da dirección do centro e do Servizo de Inspección Educativa correspondente.

A dirección do centro enviará dita proposta ao Servizo de inspección educativa para a súa aprobación.

13. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan

O equipo directivo é o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan.

Realizarase un diagnóstico previo do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) existente no CMUS que conte xa cos informes preceptivos a de avaliación psico-pedagóxica. Estes informes serán necesarios para poder optar ás medidas previstas neste plan.

A finais de curso elaborárase unha **memoria sobre a atención á diversidade** ao logo do ano académico no centro, na que se recollerá a lo menos:

- Modificacións introducidas ao longo do curso.
- Información dos diferentes niveis educativos aportada polos titores/as e equipo docente.
- Propostas de mellora.